

EMPRENDER NA MIÑA ESCOLA: EME COOPERANOVA



QUE É?

Este é un proxecto educativo para o desenvolvemento da Educación Emprendedora, impulsado pola Deputación de Pontevedra en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

É unha proposta integradora e unha aposta pola educación emprendedora para que os nenos e nenas desenvolvan canto antes e ao máximo, as súas capacidades persoais e profesionais, chegando a ser eles mesmos

EN QUE CONSISTE?

Na creación e xestión dunha cooperativa escolar. Participan nel todos os alumnos de 3º Ciclo de Educación Primaria (5º e 6º cursos), cos seus respectivas titoras Josefa Mª Matalobos Dono e María Porto Puente. Destacamos a especial colaboración das mestras Mercedes Senín Vázquez, Rocío Piso Neira, Susana Pazos Rivero e Vanesa Valiñas Rivas.

<http://www.valnateduca.com/eme/ficha/192/>

OBXECTIVOS:

Obxectivo xeral

- Desenvolver hábitos e comportamentos emprendedores entre os alumnos, facilitando a súa integración social de maneira máis eficaz e satisfactoria.

Obxectivos específicos

- Diseñar e implementar contextos de traballo colaborativo que favorezan a aprendizaxe do alumnado na aula.
- Diseñar recursos que posibiliten o desenvolvemento de condutas e actitudes de colaboración, coordinación, superación de conflitos e asunción de responsabilidades entre o alumnado.
- Iniciar ao alumnado na identificación dos principios básicos e os elementos para a posta en marcha dunha cooperativa escolar.

VIDEO PRESENTACIÓN:



<https://www.youtube.com/watch?v=dWJIXfNKJe8>

COMPETENCIAS:

Favorece o desenvolvemento das seguintes competencias básicas: lingüística, matemática, análise do entorno físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, cultural e artística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.



Grupo de nenos integrantes de Cooperafoyo

O alumnado participante reuniuse e celebrou a asemblea constituyente para elixir democráticamente aos seus representantes na xunta directiva: presidente, secretario e tesorero. Tamén se organizaron de modo que os diferentes membros da cooperativa quedaron distribuídos por distintos departamentos: mercadotenia, calidade do produto, imaxe da cooperativa ou relacións públicas, entre outros.